

NOTA INFORMATIVA AOS USUARIOS DE COMEDOR CON GRATUIDADE TOTAL OU PAGO DE 1 EURO.

Como establece a orde do 27 de Marzo de 2020, <https://www.edu.xunta.gal/portaldireccion/novas/orde-axudas-comedores-covid-19> a partires de mañá martes 31 de marzo e ata o 6 de abril ámbolos dous inclusive, ábrese o prazo para solicitar que aos usuarios do comedor escolar con custo gratuíto ou abono de 1 euro se lles ingrese nas súas contas correntes as cantidades correspondentes á bolsa de comedor.

Tipo de alumnado	Contía que se lles ingresará por día
Comedor gratuíto	2.50 euros
Custo 1 Euro	1.50 euros

As familias que desexen solicitalo poderán facelo a través dos seguintes mecanismos:

- Solicitalos directamente na Sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal> precisase certificado dixital ou Chave 365
- Descargar o documento adxunto, cubrilo e remitilo ao correo do colexio en formato PDF ou JPG. O centro cotexará a veracidade dos datos cos datos que temos Xade dos alumnos e os seus responsables.
- Todos aqueles que non poidan facelo das maneiras anteriores, notificaráselle o procedemento por medio de Abalar con anterioridade (o día antes) para evitar calquera problema co tratamento de datos bancarios necesarios para solicitar a axuda.

Atentamente.

A Dirección do centro.